

NOTIFICACION de ACORDO da XUNTA de GOBERNO LOCAL

Poño no seu coñecemento que na Xunta de Goberno Local celebrada o día 19 de Agosto de 2014, adoptouse o acordo seguinte:

- ADXUDICACION DO CONTRATO DE MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS NO PARQUE EMPRESARIAL ÁREA 33.

ANTECEDENTES

Visto que o Concello solicitou unha subvención a través da Resolución do 16 de xaneiro de 2014, da Consellería de Economía e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestructuras dos parques empresariais da comunidade autónoma de Galicia, cofinanciadas polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (IN519B) (DOG nº 15 do 23 de xaneiro de 2014).

Visto que pola Consellería de Economía e Industria, comunicase Resolución do Conselleiro de Economía e Industria, de data 02 de xuño de 2014, na que se concede para realización da obra denominada "Mellora de infraestructuras viarias no Parque Empresarial Área 33" (Expediente IN519B14-42531) unha subvención do seguinte xeito:

NIF	Concello	Código	Investimento subvencionable	% concedido	Subvención concedida
P36052001	Silleda	IN519B14-42531	115.345,40 €	80,0%	92.276,32 €



Visto o proxecto denominado "MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS NO PARQUE EMPRESARIAL ÁREA 33", de data febreiro 2014, redactado polo Arquitecto Abraham Castro Neira, cun orzamento (incluído execución material + gastos xerais + Beneficio industrial) de 95.326,77 € mais o 21% de IVE o que fai un total orzamento de contrata de 115.345,40 €.

Visto que o mencionado proxecto foi aprobado por resolución da Alcaldía de data 24 de febreiro de 2014.



Visto o Prego de Cláusulas Administrativas particulares do contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade denominadas “Mellora de infraestructuras viarias no Parque Empresarial Área 33”

Visto o expediente tramitado, e de conformidade co disposto nos artigos 109, 110 e seguintes, e artigo 169 e seguintes, artigo 290 e seguintes do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o RD 817/2009 polo que se desarrolla parcialmente a L.30/2007, 30 de outubro, de contratos do sector público e o RD 1098/2001, 12 de outubro, regulamento xeral da lei de contratos das Administracións públicas, aí como a disposición adicional segunda do RDLex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a Xunta de Goberno Local, de 16 de Xullo do 2014, acordou :

- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 95.326,77 € máis IVE “Mellora de infraestructuras viarias no Parque Empresarial Área 33” e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

- Solicitaronse ofertas as seguintes empresas:

- Construcciones Fernández Sarmiento S.A.
R/ progreso, nº 59
36.540 - Silleda (Pontevedra)
- Endenor
Ansemil, nº 27
36.546 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Arean S.L.
Parque Empresarial Área 33, parcela 10A
36.540 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Míguez Xestoso S.L.
Xestoso
36.549 - Silleda (Pontevedra)
- Conservia Rehabilitación y Servicios, S.L.
R/ Pastor Díaz, nº 1-6ª Planta, Oficina B
36.001 - Pontevedra
- Construcciones Taboada y Ramos S.L.
Polígono Industrial Lalín 2000 - Parcela C-26
36.500 - Lalín (Pontevedra)

Examínouse a proposta técnica e económica, así como as melloras ofertadas, de conformidade cos criterios de adjudicación establecidos no prego. Deuse por cumprimentada correctamente a documentación das 2 empresas que se presentaron: Construcciones Fernández Sarmiento S.A. e ENDENOR, co resultado de que ofertan o mesmo prezo, 115.345,40 €, idéntico período de execución (1 mes) e de garantía (2 anos), incluíndo o primeiro 2 melloras e EDENOR ningunha, polo que, diante do empate da cualificación se considera a mais vantaxosa a de Construcciones Fernández Sarmiento S.A., polo referido.



Á vista do exposto a Mesa de Contratación formulou a proposta de adxudicación a Construcciones Fernández Sarmiento S.A.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Adxudicar o contrato de **MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS NO PARQUE EMPRESARIAL ÁREA 33** a Construcciones Fernández Sarmiento S.A.

MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS NO PARQUE EMPRESARIAL ÁREA Construcciones Fernández Sarmiento S.A.	Prezo adxudicación : 115.345,40 €, IVE incluído (20.018,62) cos melloras que constan na súa oferta.
--	---

O prezo de adxudicación é de **115.345,40 €**, IVE incluído, segundo o previsto no Prego- tipo de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentada.

Segundo.- Requirir ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto €) o art. 140 LCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

SILLEDA a 20 de Agosto de 2014

O SECRETARIO

Manuel Quintans Queiruga



RECURSOS: Contra este acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer-se recurso potestativo de reposición no prazo de UN MES diante do Concello de SILLEDA, a contar dende o día seguinte a notificación, e se interpón este recurso potestativo de reposición, non poderá interpoñer-se recurso contencioso-administrativo, ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.



Tamén pode interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de PONTEVEDRA, no prazo de DOUS MESES contados a partir do día seguinte á data de notificación do presente acordo.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que se lle notificara a súa resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita á vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer-se recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-

Administrativo de PONTEVEDRA, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á data de notificación da resolución expresa do recurso de reposición ,ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte daquel en que se produza a súa desestimación presunta.

Todo iso sen prexuízo de que poderá utilizar calquera outro recurso que estime convite.

SILLEDA a 20 de Agosto de 2014

 SECRETARIO

Manuel Quintans Queiruga

Notificación a:

Construcciones Fernández Sarmiento S.A.
R/ progreso, nº 59
36.540 - Silleda (Pontevedra)

Endenor
Ansemil, nº 27
36.546 - Silleda (Pontevedra)